

O Sáhara e a descolonización de África

Description

Novamente, o Consello de Seguridade de Nacións Unidas terá que pronunciarse sobre a prórroga da MINURSO. Hai uns días, Kofi Annan, nomeou ao xeneral húngaro Gyorgy Zarza, novo comandante desta forza que será efectivo a partir do 11 de agosto, en tanto o mandato se estenda. No fondo dos debates, un posicionamento cada vez máis decantado entre os partidarios dunha autonomía baixo soberanía marroquí e a aposta, tradicional e vixente na ONU, por impulsar un referendo de autodeterminación que abra o camiño para o establecemento dun novo Estado no Norte de África.

Por primeira vez, debido á coincidencia no tempo co contencioso da illa de Taura, o contencioso saharauí pivota expresamente todo o elenco de relacións Madrid-Rabat, en especial o futuro de Sebta e Méllilla e outros territorios sometidos á soberanía española (as illas Chafarinas, de Al Hoceima...).

Pero o asunto de fondo non é, non debería ser, outro que a culminación da descolonización do continente africano, un anacronismo histórico que tarde ou cedo haberá que afrontar. A fin de contas, non o esquezamos, Sebta e Méllilla veñen sendo unha especie de Hong Kong e Macao en terras norteafricanas. Pero non son as únicas: a illa de Comores (Mayotte) é territorio de ultramar francés, como a illa de Reunión ou de Diego García, reclamada pola Illa Mauricio aos americanos. Mesmo habería que falar das Illas Canarias.

A Unión Europea e a Unión Africana deberían impulsar unha reflexión de conxunto sobre este proceso, unha reflexión seria, que evite episodios como o de Taura, auténtico iceberg que agocha todo ese panorama de tarefas históricas incumplidas, e que se aborden de xeito peripatético: corre o rumor de que a retirada do embaixador de Marrocos en Madrid en outubro de 2001 tivo a súa orixe nun tratamento «indecroso» nas noticias do Guiñol de Canal Plus...

Se España impulsa a solución do contencioso de Xibraltar, cunha razón difícil de negar, quizáis chegue a hora tamén de impoñer menos visceralidade e patriotismo enganoso, para non interrompir procesos históricos e gañar o futuro conforme ás pautas dun novo tempo. Desá nova ola descolonizadora, a derradeira deste continente, non podería estar ausente o Sáhara Occidental, territorio que Rabat en ningún caso pode anexionar, negando o exercicio do dereito democrático de libre autodeterminación do pobo saharauí.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

África ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xullo 30, 2002

Meta Fields

Autoria : 3717

Datapublicacion : 2002-07-30 00:00:00